



20.07.2011.

### **A APDR INSISTE: COA LEI NA MAN, NON SE PODE RENOVAR A AUTORIZACIÓN AMBIENTAL A ENCE**

As afirmacións realizadas onte polos responsábeis da fábrica de pasta de papel de ENCE en Lourizán, fan absolutamente necesaria a resposta por parte da nosa asociación, que entende que os citados directivos faltan á verdade cando aseguran que cumpren toda a lexislación ambiental e que dese cumprimento debe derivarse a renovación inmediata da AAI concedida hai tres anos.

Desde a APDR, que ten iniciado unha campaña de recollida de alegacións contra a citada renovación das AAI de ENCE e ELNOSA, unha campaña que está a ter unha acollida como poucas veces temos visto, insistimos en que a renovación da AAI a ENCE (e tamén a ELNOSA) suporía lexitimar a situación de incumprimento da lexislación autonómica, estatal e europea en materia de vertidos. Baseamos as nosas alegacións nos seguintes argumentos:

1ª.- No expediente presentado por ENCE para a renovación da AAI, non figura o Informe do Concello de Pontevedra que acredite a compatibilidade do proxecto co planeamento urbanístico, nin sequera a copia da solicitude do mesmo por parte da empresa, un trámite imprescindible para que a solicitude de renovación se axuste á legalidade (artigos 12.1-b e 15 da Lei 16/2002 de prevención e control integrados da contaminación e artigo 7 do Real Decreto 509/2007 que desenvolve a citada Lei). Ao non existir este informe, ou sen que conste a solicitude do mesmo, procede pór fin ao procedemento de renovación da AAI solicitada.

2ª.- A actual AAI de ENCE incumpre a lexislación en materia de vertidos ao permitírenlle verter mercurio e cadmio á Ría, algo prohibido pola Lei 9/2010 de Augas de Galicia *agás para o caso de que estes vertidos se produzan como resultado do arrastre inevitábel destes metais contidos nas materias primas usadas no proceso industrial*, circunstancia que non se cumpre no caso de ENCE. Trátase, xa que logo, dunha AAI contraria ao dereito que non se pode renovar sen adaptar previamente os parámetros de vertido á legalidade medioambiental vixente.

3ª.- Do mesmo xeito, a AAI de ENCE fixa valores para DBO, DQO, SS, N e P de 2.250, 9.000, 2.250, 810 e 108 Kg/día respectivamente, moi superiores aos fixados no Real Decreto 509/1996 que desenvolve o 11/1995 que á súa vez adecúa á normativa española a directiva 91/271 CEE de augas residuais urbanas, unha lexislación de aplicación a ENCE, cuxas augas pódense definir como augas residuais urbanas de acordo coa citada lexislación. En efecto, esta normativa define augas residuais urbanas como *“as augas residuais que proveñen de núcleos urbanos, e aquelas industriais que saen ao medio receptor xunto con augas residuais desta natureza”*.

Así pois, nin é certo que ENCE cumpra a lexislación nin é certo que haxa a obriga de renovarlle a AAI.

Polo que fai ás novas promesas dos directivos da pasteira de que van eliminar os cheiros en dous ou tres anos, dicir que xa perdemos a conta das veces que fixeron promesas semellantes, pero dicir tamén que se a Xunta de Galicia tivese a vontade de facer cumprir a lexislación, ENCE deixaría de cheirar e de contaminar moito antes deste prazo; deixaría de cheirar e de contaminar para sempre porque a simple aplicación da lexislación levaría á paralización da súa actividade industrial en Lourizán sen agardar ao 2018, unha reivindicación que non imos abandonar porque sabemos que é compartida pola práctica totalidade da poboación de Pontevedra, que ansía poder disfrutar dunha Ría limpa e sen contaminación; que desexa a recuperación da economía para a comarca, unha economía sustentábel no tempo e baseada na explotación racional dos recursos marisqueiros, pesqueiros, forestais e turísticos, e que é incompatible coa presenza do complexo ENCE-ELNOSA no seu actual emprazamento; e que desexa, por último, recuperar a calidade de vida perdida coa chegada hai case 50 anos da fábrica de CELULOSA.

Animamos á poboación da Ría a seguir asinando masivamente as alegacións contra a renovación das AAI de ENCE e ELNOSA, a non deixarse enganar polas chantaxes de ENCE e a seguir defendendo o futuro para a nosa comarca que pasa pola desaparición do complexo industrial de Lourizán.

Pola Xunta Directiva da APDR, asinado Antón Masa.